

Ministerio do Interior

G.T. de Temporalidade e Emprego

29/102024

Concurso resolto da DGP.

Só se cubriu o 50 % dos postos ofertados. En Galiza gañáronse 5 efectivos, cantidade ridícula tendo en conta o número de postos vacantes existentes e que hai moito persoal do Corpo policial expedindo documentación.

A CIG puxo de manifesto que as prazas da DGP son pouco atractivas. O complemento de produtividade é menor que noutros organismos e sobre a promoción profesional non hai posibilidades de promoción real para os corpos xerais. Os postos de grupos e niveis altos ou son para persoal policial ou se cubren en comisión de servizos con criterios pouco transparentes.

Postos cubertos provisionalmente.

O ministerio négase a facilitar as datas de inicio dos postos ocupados en comisión de servizos. Esta falta de transparencia impide saber se se cumpre a normativa en canto a súa duración e obriga de convocar eses postos en concurso. A CIG terá que valorar que medidas adoptar para que se nos aporten os datos.

Vacantes.

A CIG pediu que en Galiza as vacantes se cubran por concurso de traslados e con persoal que aproba a promoción interna pero non con interinos, algo que sí pediron outros sindicatos.

Concursos:

- Na primeira quincena publicarase a resolución do concurso da Garda Civil.
- En novembro vanse publicar os concursos de servizos centrais.
- Está previsto que no primeiro trimestre do 2025 se publiquen os concursos específicos de Policía e Garda Civil.